

Francisca García Doval

(SAN ROQUE 1912-1975)

Cando foi do golpe de Estado, Francisca García Doval estaba embarazada da súa filla Rosario, que nacería o 14 de marzo de 1937. O seu mozo, Pastor Bermúdez, era de esquerdas e durante oito días estivo agochado co seu irmán nun palleiro ao que Faustina, a súa nai, lles levaba a comida. Fora onda ela un curmán de Pastor, que era falanxista, para avisar-la de que os fillos corrían perigo:

-Quíteos da casa, tía, porque van ir por eles.

Pero non lles pasou nada. A Francisca, si. A Francisca, que era do barrio da Mourreira, de San Roque, tivérona retida dous días no cuartel dos cívicos, rapárona a cero e tatuáronlle a pel. Sempre choraba cando llo contaba á filla. E culpaba o dono da fábrica de gasosas na que traballaba:

“A miña nai traballaba nunha fábrica de gasosas e como ela non quixo... o xefe denunciouna e levárona ao cuartel. Rapáronlle o pelo e marcáronlle unha cruz. Ela contábao e choraba. Estivo alí dúas noites”.

Rosario Bermúdez, filla de Francisca García



Ata que lle creceu o pelo, Francisca andou cun pano na cabeza. Ademais, doíalle a ferida que a tatuaxe, normalmente feita con nitrato de prata, deixaba na pel:

“Andaba co pano na cabeza porque a tatuaxe queimaba a pel e, ademais, se non o levaba, mirábana e chamábanlle *la roja*. Levábao para que a xente non vira, que as de dereitas metíanse con ela”.

Rosario Bermúdez, filla de Francisca García

Rosario cre que se a súa nai non sufriu malleiras nin outras vexacións foi grazas a Andrés, o primo falanxista do seu pai, que estaba no cuartel dos cívicos cando a levaron:

“A mamá axudoulle porque el estaba no cuartel e deixoulle durmir alí. Tivérona dous días, rapárona pero non lle fixeron nada máis, pegarlle nin nada”.

Rosario Bermúdez, filla de Francisca García

Logo, Pastor tivo que ir á guerra e Francisca deixou a pequena coa avoa paterna, que tiña para darlle de comer. Era a filla que lle quedaba daquela porque antes tivera unha nena, que lle chamou coma ela, pero morrera:

“Eu tiven que ir para Os Praceres, á casa da miña avoa paterna, Faustina, que tiña vacas e podía darme de comer. Desde que nacín ata os quince anos vivín con ela. A miña nai viña mirarme ao mellor cada dous días, e ao mellor andando”.

Rosario Bermúdez, filla de Francisca García

Despois os seus pais tiveron a Soledad (que tamén morreu de nena), a Pastora, Manuel e Francisco, pero coa avoa só viviu ela. De pequeniña xa ten ido traballar de estibadora aos galeóns, cargando cemento e tella. A súa nai seguiu traballando nas gasosas pero non tivo máis problemas. Sempre falou do que pasara pero, segundo a filla, “afectoulle moito. Sempre que o lembraba, choraba”.